

CONCELLO DE PONTEAREAS**BASES DO CONCURSO DE DISFRACES INFANTIL 2023****1.- INSCRICIÓN**

Poderán participar no concurso infantil de disfraces todas / os rapazas e rapaces a título individual ou colectivo cun máximo de 5 compoñentes e cunha idade máxima de 12 anos. A inscrición realizarase a partir das 16:00 horas no espazo habilitado para tal fin na Praza Maior.

O concurso terá lugar o Luns de entroido, día 20 de febreiro de 2023, a partir das 17:00 hora na Praza Maior e en caso de choiva trasladarase á sala multiúsos do Auditorio Municipal de Ponteareas.

Na inscrición a nai/pai ou titor/a legal ten que asinar unha autorización para participar e para autorizar ao Concello fotografar ou gravar imaxes da/ do menor para difundir polas redes sociais.

O número máximo de participantes será de 40.

2.- PREMIOS

As / os participantes deberán esperar ao remate do concurso, para comunicarlles o resultado do mesmo. Os premios entregaranse ao remate do concurso. As / os premiadas/os deben recoller os premios vestidos co disface co que se presentaron, sexa a título individual ou colectivo. En caso contrario, serán descalificados. Establécense os seguintes premios:

- Primeiro premio: Un patinete eléctrico infantil
- Segundo premio: Altoparlante intelixente
- Terceiro premio: Pulseira dixital
- Cuarto premio: Lote de libros
- Quinto premio: Xogo educativo infantil

Os premios recollidos nestas bases, por un importe máximo de 600 euros, concederanse con cargo ao orzamento municipal do ano 2023.

3.- O XURADO

O xurado estará integrado por persoas relacionadas coa vida cultural, social e artística e valorará a orixinalidade, colorido dos disfraces, o traballo e bo gusto na súa realización. Valoraranse especialmente aqueles disfraces que sexan de confección artesanal e non presentados noutros certames ou concursos. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. O fallo do xurado será inapelábel.

4.- PUBLICIDADE

Estas bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios electrónico e na páxina web do Concello. Así mesmo publicárase o resultado das mesmas nos mesmos medios.

5.- DISPOSICIÓN FINAL

Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso infantil supón a aceptación das presentes bases.

(Asinado electronicamente)